

MOCIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DUN PROXECTO PILOTO DE RECICLAXE DE CÁPSULAS DE CAFÉ NO CONCELLO DE CARBALLO

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG - PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A nova Lei de Residuos e Chans Contaminados, cuxo proxecto foi aprobado en maio do ano 2021, ten por obxecto sentar os principios da economía circular, contribuír á loita contra o cambio climático e protexer o medio mariño.

Estes fins perseguen o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible incluídos na Axenda 2030, en particular, dos obxectivos 12, 13 e 14, centrados no consumo e produción sostibles, na acción polo clima e na protección da vida submarina, respectivamente.

Precisamente, un dos aspectos da Lei 22/2011 que se revisan é o reforzo da recollida separada, que no ámbito dos residuos de competencia local facilitará, ademais, o aumento dos índices de reciclaxe e de preparación para a reutilización e redundará na consecución de beneficios ambientais, económicos e sociais substanciais e na aceleración da transición cara unha economía circular.

Neste sentido, consideramos que é conveniente abordar a xeración de residuos no consumo de café, unha das bebidas máis populares do mundo e cunha comercialización que sufriu notables cambios nos últimos anos coa introdución do sistema de cápsulas de plástico e de aluminio, envases na que a súa reciclaxe é complexa, de tal maneira que habitualmente acaban converténdose nun desperdicio non reciclable, cun elevado impacto ambiental.

No noso país existen empresas pioneiras que están a reciclar o 100 % das cápsulas e dos pousos de café, dándolles unha segunda vida e fabricando produtos de ecodiseño, o que contribúe a alongar o ciclo de vida dos residuos, á vez que fomenta un impacto positivo sobre

o medio ambiente e impulsa, en definitiva, a economía circular. A partir das cápsulas pódense crear elementos do mobiliario urbano como, por exemplo, os propios contedores municipais para este tipo de cápsulas, así como macetas ou papeleiras. Por outra banda, os pousos de café serven para xerar substrato para cultivos de diferentes especies vexetais.

A nivel municipal, destaca o exemplo de San Sebastián, con 188.000 habitantes, cidade na que o concello impulsou un proxecto piloto de recollida de cápsulas de café en decembro de 2019,

realizado en varias fases e en diferentes barrios, co obxectivo de analizar as posibilidades de valorización das cápsulas de plástico e aluminio. Nos seis primeiros meses conseguiuase a recollida de 6.425 quilos, o que equivale a 458.380 cápsulas, cunha porcentaxe de enchido dos contedores instalados de entre un 56 % e un 65 %. Asegurábase así o cumprimento da xerarquía de residuos establecida nas directivas europeas, que consiste na prevención, reutilización, reciclaxe e valorización enerxética.

Se queremos que Carballo tamén sexa un dos Concellos pioneiros en adoptar medidas fronte ao cambio climático e xerar economía circular, sería interesante que o Concello extrapolase esta acción e implantase un proxecto piloto para a reciclaxe de cápsulas de café. Máis aínda, tendo en conta que a nova Lei de Residuos e Chans Contaminados establece a obrigatoriedade de incrementar a medio e longo prazo os obxectivos de preparación para a reutilización e reciclado dos residuos municipais e aposta por reforzar a recollida separada, sen determinar unha única modalidade para levalas a cabo, senón que cada entidade local debe adaptarse ás súas propias características, con base en modelos de éxito comprobados.

Por todo o antes exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1. A implantación dun proxecto piloto de reciclaxe de cápsulas de café no Concello de Carballo.



2. O deseño e a posta en marcha de campañas de concienciación dirixidas á cidadanía sobre a importancia da reciclaxe das cápsulas de café.

Carballo a 15 de marzo do 2022.
María Carmen Vila Blanco.
Voceira Grupo Municipal Socialista.

Sr. ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL